- Elaborar un estudio pormenorizado da correspondente investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia.
- Diseñar un protocolo preventivo para enfermidades infectocontaxiosas específico para residencias de maiores.
- Facer públicos e entregar aos grupos parlamentarios da Cámara os datos do número de falecidos a causa da Covid nas residencias de maiores de forma individualizada por cada centro.
- Incrementar significativamente os equipos de Inspección de Política Social para supervisar o correcto funcionamento dos centros, ata acadar, no prazo de 2 anos, para aproximarnos, cando menos, á media de España.
- Que se elabore, antes de que finalice este ano 2021, o novo de modelo de residencias a través dun Plan específico que sexa debatido no Parlamento galego co fin de que todas as forzas políticas que teñen representación na Cámara poidan presentar as súas propias achegas.”

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 30/04/2021 10:07:32

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/04/2021 10:07:49





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 28 de abril, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria, (doc. núm **12718**, [11/INT-000728]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para que todas as persoas que o precisen poidan solicitar atención presencial en Atención Primaria.
- 2.- Establecer protocolos claros e unificados de aplicación en toda Atención Primaria para solicitar atención presencial.
- 3.- Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responden ao aumento exponencial da demanda.
- 4.- Reforzar o persoal de limpeza dos centros de saúde e PACs.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Presentar no Parlamento galego un informe no que se recolla a situación dos centros de saúde en relación cos seguintes aspectos:

- Restricións de acceso, porcentaxe de atención presencial, telefónica e telemática, tempos de espera para consultas telefónicas e presenciais, para analíticas...
- Volume da carga de traballo que está a supoñer para xs profesionais a atención ás persoas afectadas por COVID-19
- Relación dxs profesionais que non foron substituídos nas súas ausencias(vacacións, ILT, permisos...) desde o inicio da pandemia, das prolongacións de xornada, intersubstitucións...

6.- Realizar á máxima brevidade un Plan de Ordenación de Recursos Humanos, e sistema de identificación de prazas, a partir dos cales se realice un axeitado dimensionamento dos cadros de persoal que rematen coa precariedade laboral e a sobrecarga actual.

7.- Posta en marcha sen máis dilación dun Plan de Mellora de Atención Primaria onde se contemple:

- Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
- Compromiso de aumento orzamentario até chegar ao 25%.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.
- Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: persoal de psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos...
- Acceso a probas diagnósticas.”

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2021 10:35:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2021 10:35:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 28 de abril, sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galiza das competencias pendentes, (doc. núm **3279**, [**11/INT-000196**]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Participar proactivamente na Comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para programar a negociación do traspaso das competencias pendentes, tanto as que están recollidas no Estatuto como aquelas que foron obxecto de acordo no parlamento galego. Na axenda negociadora incluíranse todas aquelas competencias que xa foron transferidas ou se están negociando con outras comunidades.

2. Demandar do goberno central a inmediata negociación dun novo modelo de financiamento, incluída a reforma do mecanismo dos Fondos de Compensación Interterritorial, apostando por unha nova relación económica co Estado que corrixa as discriminacións vixentes, se adapte á nosa realidade territorial e histórica, garanta a adecuada prestación de servizos básicos como a sanidade, a educación ou a dependencia e incremente capacidade normativa, de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión e responsabilidade fiscal do noso país. Para a negociación e acordo respecto dos condicionantes a tratar, constituirase unha ponencia específica no Parlamento galego

Asemade, o Parlamento manifesta a súa vontade de:

a. Impulsar, a través do diálogo entre partidos e institucións, as reformas necesarias para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza.

b. Tendo en conta o actual status de Galiza, Euskadi e Cataluña como nacionalidades históricas, reclamar que calquera modificación da estrutura territorial do Estado asegurará a Galiza o mesmo status que as outras dúas.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2021 16:41:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o diñeiro que inviste a Xunta de Galiza na concertación e privatización de prazas de residencias e outros servizos sociais e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada polo interese social da información requirida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza 8 de cada 10 prazas de residencias de maiores son privadas. Delas, o 20% corresponden a DomusVI (4.737 prazas) , o principal grupo empresarial neste sector tanto en Galiza como no Estado español.

DomusVI é propietaria de 18 centros residenciais privados (a maior parte deles con prazas concertadas pola Xunta de Galiza) e xestiona 12 centros residenciais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos (a maior parte titularidade da Xunta de Galiza). A inmensa maioría dos seus centros teñen 150 prazas ou máis.

Síguea a Fundación San Rosendo con 59 residencias (a maior parte na provincia de Ourense), 3.253 prazas, das cales 577 concertadas (case o 18%).

Como é sabido, o noso país sitúase lonxe da rateo de prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos recomendada pola Organización Mundial da Saúde (OMS). Fronte ao 5% que recomenda a OMS en Galiza as prazas apenas chegan a tres por cada 100 e iso, sumando todas as existentes independentemente da súa titularidade ou modelo de xestión.

É máis que evidente que a administración pública galega está a drenar inxentes cantidades de diñeiro público cara á entidades e empresas privadas. Fica por saber, canto.

Porén este sistema de privatización e concertación de prazas –que non é exclusivo das residencias de maiores-- non resulta máis económico ou rendíbel para a Xunta do que asumir a xestión directa dos servizos sociais. Así o puxo en evidencia o estudo elaborado polo IMSERSO en 2016 no que situaba o sobrecoste desta concertación no 8%.

Segundo este informe oficial cada praza nunha residencia pública de maiores custa en Galiza, de media, uns 17.998 euros ao ano e deles, o 34,55% do importe é achegado polas persoas usuarias -no caso das persoas pensionistas, o importe é restado desta prestación-. Mentres, a mesma praza nun centro concertado custa uns 18.250 euros anuais e as persoas maiores que fan uso delas pagan do seu peto arredor do 30% do importe. Neste senso, cada praza pública supón uns 11.780 euros públicos anuais de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

media e cada unha das concertadas, un promedio de 12.716 euros cada ano. A diferenza media rolda, daquela, o 8%.

A esta concertación coa privada hai que engadir o bono autonomía en residencias a través do cal a Xunta de Galiza cofinancia unha praza na privada a aquelas persoas que tendo dereito a unha praza en residencia pública –de acordo co disposto na Lei de dependencia-- se atopan en listaxe de agarda por falta de prazas. Este bono oscila entre os 490 e os 750 euros.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara antes de rematar o actual período de sesións un informe detallado sobre o custe para as arcas públicas do modelo de concertación de prazas en residencias de maiores que inclúa, cando menos, os seguintes ítems:

- a) Número de prazas públicas de xestión directa, nome e localización dos centros
- b) Número de prazas concertadas coa privada, nome da entidade e localización dos centros
- c) Custe de sostemento dunha praza en residencias públicas de xestión directa
- d) Custe de sostemento dunha praza concertada en residencias privadas
- e) Diferencia económica entre ambos os dous modelos e aportación das persoas usuarias en cada un deles





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Investimento público realizado no bono autonomía en residencia e centros residenciais privados nos que foi investido.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2021 16:36:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/04/2021 16:37:05

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2021 16:37:17

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2021 16:37:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/04/2021 16:37:34

Daniel Pérez López na data 29/04/2021 16:37:42

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2021 16:37:51

Olalla Rodil Fernández na data 29/04/2021 16:37:59

Daniel Castro García na data 29/04/2021 16:38:07

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2021 16:38:14

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2021 16:38:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2021 16:38:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 29/04/2021 16:38:36

Xosé Luis Bará Torres na data 29/04/2021 16:38:45

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2021 16:38:53

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2021 16:39:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/04/2021 16:39:11

María do Carme González Iglesias na data 29/04/2021 16:39:17

Paulo Ríos Santomé na data 29/04/2021 16:39:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ao plan específico para a hostalaría e actividades características e relacionadas co turismo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento galego e a Xunta de Galiza se posicionen canto antes sobre o plan específico para a hostalaría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia provocou unha crise sen precedentes no conxunto da economía galega, pero non afectou a todos por igual. Un dos sectores máis golpeados foi, sen dúbida, o do Turismo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro das actividades características do Turismo inclúense diferentes ramas de actividade, como a restauración (servizos de comidas e bebidas) e hostalaría, actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos. E aínda que por CNAE non se encadran dentro do Turismo, pola súa especial vinculación á actividade turística e relación coa restauración e hostalaría, xunto a esas ramas de actividade debe incluírse a aquelas empresas cunha casuística moi concreta, como son as adicadas a prestar servizos para festas e verbenas. Empresas que van de cantineiros, polbeiras ou pirotecnias, a empresas de electricidade e de aluguer de xeradores ou carpas, que teñen en común a temporalidade da súa actividade e que esa actividade de festas e verbenas supón para elas o 80% da súa facturación anual.

Se facemos un balance da actividade de todas estas empresas ao longo do ano pasado, aquel vén condicionado pola Covid-19. Os números anuais de todas estas empresas veñen marcados polas decisións administrativas e sanitarias que afectaron ao desenvolvemento habitual e normal da actividade.

O balance anual deste sector amosa ben ás claras o forte descenso da actividade con carácter xeral, que levou aos diferentes axentes que se moven e viven do turismo a unha situación extrema, na que as medidas articuladas polo goberno central e sobre todo pola Xunta, con competencia neste eido, chegaron en moitos casos tarde e foron, con carácter xeral, insuficientes.

E así o demostran os datos que se extraen da Enquisa de Poboación Activa (EPA) relativa ao cuarto trimestre do 2020.

No cuarto trimestre do ano 2020, as actividades características do turismo en Galicia recolleron 127.419 persoas en activo, un -7,0% menos que no mesmo período do ano 2019. Os ocupados no sector turístico foron 105.037 persoas, cifra menor á do ano anterior, ao reducirse un -12,3%. Os desempregados en turismo foron 22.382





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas, o que significa unha taxa de desemprego sectorial do 17,6%, cun incremento anual de 5,1 puntos respecto ó 12,5% rexistrado no cuarto trimestre de 2019.

Os asalariados en turismo reducíronse un -13,9% neste cuarto trimestre de 2020 respecto ao mesmo período do ano anterior, e os autónomos reducíronse un -7,5%, deixando a variación anual da ocupación en turismo no -12,3%.

No cuarto trimestre do 2020, respecto ao mesmo trimestre do ano pasado, o número de ocupados nas diferentes ramas do sector turístico reducíronse dun xeito importante.

Se estes números amosaban a tendencia absolutamente negativa do sector atendendo ao balance anual, os datos de afiliación do mes de xaneiro deste ano en actividades relacionadas co turismo, eran desalentadores e confirmaban esa tendencia.

Continuaba a tendencia negativa, ao darse unha variación de - 3,8 % (- 5,2 % para o réxime xeral e - 0,9 % para o réxime de autónomos), o que supoñía un descenso total de 2.491 afiliacións en actividades turísticas.

En canto á variación anual, respecto do mes de xaneiro de 2020 tivo lugar un descenso no total de afiliacións de 11.814 respecto do ano anterior, o que representa unha variación anual dun -15,7 %. A variación repartiuse entre o réxime xeral, cun descenso de 11.219 afiliacións (variación anual dun -21,2 %) e dun descenso 595 afiliacións en autónomos (variación anual dun -2,6 %). Por sectores, o descenso de afiliacións tamén era xeneralizado. Dábase un descenso importante de afiliacións nos servizos de aloxamento, servizos de comidas e bebidas, axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.

Aínda que en marzo houbo un descenso do desemprego no sector Servizos, hai que analízalo con cautela polo seu carácter estacional, que coincidiu coa Semana Santa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que permitiu que se repetira a tendencia de todos os anos malia o atípica que é a situación.

Porén, a Semana Santa, con carácter xeral, non cubriu as expectativas do sector, que acadou escasamente unha ocupación do 40%. E naquelas concretas zonas onde os números de ocupación foron mellores, relativízanse polo sector atendendo ás restricións de aforo establecidas.

E os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) amosan uns datos de paro moi preocupantes, nos que o descenso da ocupación no primeiro trimestre do ano en termos absolutos afecta sobre todo ao sector Servizos, que perde 5.600 empregos.

O sector turístico en xeral mira cara o verán con recelo, ante as lóxicas dúbidas de que o ritmo de vacinación sexa o suficientemente alto como para ofrecer confianza ao visitante; e sobre todo, dubidan que se dean as condicións para restablecer a mobilidade, atendendo á incerteza da evolución da pandemia, tanto no contexto internacional, coma dentro do Estado Español.

O sector do Turismo en xeral, e da hostalaría en particular, despois dun ano de pandemia atópase nunha situación de profunda crise, que pode ter un efecto negativo na economía galega, se non adoptan medidas contundentes e acaídas ás necesidades perentorias do sector.

O malestar é palpábel, pola pouca intensidade das axudas, pero tamén pola falta de diálogo que unha parte importante do sector lle achaca á Xunta de Galiza. Parte do sector que non se sente plenamente representada polos interlocutores do sector cos que o goberno galego se reúne, e que pide ser escoitada.

Así as cousas, á espera que dende o Estado cheguen as axudas comprometidas no plan de rescate empresarial anunciado en marzo, parece imprescindible que dende a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta de Galiza se aborde xa a problemática do sector turístico, no seu conxunto, en profundidade; cunha análise abondosa pero precisa. E para acadalo devén incluíbel escoitar a todo o sector, que é amplo e diverso.

Parece imprescindible implementar un auténtico plan específico dirixido a todas aquelas empresas que desenvolven actividades características do Turismo e ás que nos referimos ao principio da presente iniciativa. Un Plan con diferentes liñas e programas para non deixar a ninguén do sector fóra. Un plan ambicioso, cun horizonte temporal a medio prazo, que contería axudas directas pero, sobre todo, medidas tributarias que en moitos caso serán competencia do Estado Español.

Para que sexa realmente efectivo, ese plan debe ser consensuado cos representantes habituais do sector nas reunións mantidas co goberno galego, pero tamén con outros representantes do sector, suficientemente representativos, ben por aglutinar a un número moi considerable de empresas e negocios do sector ou ben porque, sendo menos, representan a unha parte cunhas especificidades propias.

Un plan específico que deberá ser liderado polo goberno galego, pero que conteña medidas consensuadas nunha mesa de traballo na que deben estar administracións locais, economistas independentes do consello galego de economistas e as universidades galegas, e unha representación ampla e plural do sector, que inclúa a asociacións con casuística concreta (ben por territorio ou por actividade) e asociacións con certo grao de representatividade dentro do sector por número de integrantes.

Todo isto permitiría que o goberno galego adoptase medidas propias realmente efectivas, inmediatas e a medio prazo, así como reclamar do goberno español aquelas que sexan de competencia estatal. Para permitir ao sector saír da difícil situación na que se atopa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) constituír unha mesa técnica de traballo na que estean presentes a propia Xunta de Galiza, Administracións Locais, unha representación ampla e plural das diferentes ramas de actividade do sector turístico indicadas no corpo da presente iniciativa, así como economistas pertencentes ao Consello Galego de Economistas e as universidades galegas, co obxectivo de consensuar actuacións económico-sociais cara o sector.

b) froito do consenso acadado na mesa de traballo, implementar un Plan Específico de Rescate dirixido a todas aquelas empresas que integran as diferentes ramas de actividade do sector turístico indicadas no corpo da iniciativa , que conteña medidas económico-sociais específicas para o sector, que se reclamarán do goberno español cando sexan de competencia estatal.”

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Mª Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2021 19:05:48

Paulo Ríos Santomé na data 29/04/2021 19:06:08

María do Carme González Iglesias na data 29/04/2021 19:06:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/04/2021 19:06:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2021 19:06:33

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2021 19:06:41

Xosé Luis Bará Torres na data 29/04/2021 19:06:51

María González Albert na data 29/04/2021 19:06:59

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2021 19:07:08

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2021 19:07:17

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2021 19:07:26

Daniel Castro García na data 29/04/2021 19:07:33

Olalla Rodil Fernández na data 29/04/2021 19:07:42

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/04/2021 19:07:52

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2021 19:08:02

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2021 19:08:13

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2021 19:08:26

Ramón Fernández Alfonso na data 29/04/2021 19:08:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 29/04/2021 19:08:46



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados Paula Prado del Rio, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, María Felisa Rodríguez Carrera, Sandra Vázquez Domínguez, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Elena Candia López, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e Marta Nóvoa Iglesias ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

Exposición de Motivos:

Emilia Pardo Bazán naceu o 16 de setembro de 1851 na Coruña e aprendeu a defender a súa liberdade individual animada polas palabras do seu pai que alentou a súa loita feminista con estas palabras: *“Mira, hija mía, los hombres somos muy egoístas, y si te dicen alguna vez que hay cosas que los hombres pueden hacer y las mujeres no, di que es mentira porque no puede haber dos morales para dos sexos”*.

Cando residiu en Madrid frecuentou os ambientes literarios e teatrais da época, era unha muller culta que falaba inglés, alemán e francés, tiña relación con Pérez de Ayala, Miguel de Unamuno, Ramón de Campoamor ou Wenceslao Fernández Flores e mantiña correspondencia con Pérez Galdós, Menéndez Pelayo, Lázaro Galdiano, Giner de los Ríos, Blasco Ibáñez ou Leopoldo Alas, viviu en Burdeos, Ginebra, Turín, Milán, Venecia e París e coñeceu a Víctor Hugo e Émile Zola do que aprendeu as técnicas naturalistas.

Da súa obra naturalista cabe destacar que relatou como ninguén a realidade das cigarreiras que traballaban na Fábrica de Tabacos de A Coruña a través de Amparo, a protagonista de “La tribuna” (1882) ou na obra “Un viaje de novios” (1881), así como a serie de artigos publicados semanalmente en La Época, “La cuestión palpitante”, entre 1882 e 1883. Unha forma de escribir que foi denunciada como escandalosa por moitos sectores da sociedade da época e para os seus colegas escritores, que non alcanzaban a entender esa actitude dunha muller que se pon ao mesmo nivel que un

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



home. Situación esta que mesmo provocou unha crise matrimonial que a levou á separación xa que non existía o divorcio. Racha incluso coa dependencia económica dos seus pais e decide dedicarse profesionalmente en exclusiva á produción literaria.

Obras como “Los Pazos de Ulloa” en 1886 e “La madre naturaleza” levan a Pardo Bazán ao máis alto da literatura do momento.

É a partir do falecemento do seu pai en 1890 cando cos cartos da herdanza funda a revista *Nuevo Teatro Crítico* cuxo contido está dedicado fundamentalmente ao feminismo. Hai que poñer en valor as palabras de Pardo Bazán naquela época cando dicía: “*Yo soy una radical feminista: creo que todos los derechos que tiene el hombre debe tenerlos la mujer*”, no seu haber conta con publicacións moi importantes para o feminismo como “Biblioteca de la Mujer” onde recolle “La esclavitud femenina” de John Stuart Mill. Unha das grandes loitas nas que estivo inmersa foi no dereito á educación das mulleres xa que para Dona Emilia a educación da muller era unha “doma” xa que o que propoñía era a obediencia, pasividade e submisión das mulleres aos seus maridos.

Tamén atopamos escritos que revelan unha Pardo Bazán sensible ao maltrato das mulleres, xa falaba entón de “*mujericidios*”, “*feminicidios*” ou “*ginecidios*” cuxa dramática realidade plasmou no conto “El indulto”.

A partir de 1896 comeza a colaborar con publicacións como “Blanco y Negro” (Madrid) ou “La Ilustración artística” (Barcelona) derribando barreiras e conquistando espazos vetados ás mulleres.

Emilia Pardo Bazán desenvolveu un destacado papel na escena intelectual e social do país pero non conseguiu ocupar unha cadeira de brazos na Real Academia de Lengua unicamente polo feito de ser muller, xa que houbo unha forte oposición dos intelectuais da época que estimaban que era unha “pretensión estrafalaria” pois consideraban ás mulleres que escriben un erro da natureza. Sen embargo si foi a primeira muller en participar e dirixir moitas institucións da época:

- Foi a primeira muller en falar na Sorbona de París.
- En 1887 convértese na primeira muller que ocupa a Tribuna do Ateneo en Madrid para impartir unha conferencia sobre literatura rusa. Ademais de converterse anos despois na presidenta da sección de Literatura desa institución.
- En 1904 foi a primeira muller en conducir un automóbil en España.
- En 1905 convértese na primeira muller socia da institución do Ateneo
- En 1910 foi nomeada “consejero” de “Instrucción Pública”, da que foi a primeira muller cronista.



- En 1912 foi elixida a primeira muller socia de número da *Sociedad Económica Matritense de Amigos del Pais*, o que lle permitiu votar aos Senadores polo cupo de sociedades económicas e converteuse na primeira muller que votaba en España nunhas eleccións políticas nas Eleccións Xerais a Cortes de 1916. O resto das mulleres tiveron que agardar ata as eleccións de 1933.
- En 1916 foi a primeira muller en acceder a unha cátedra en España cando foi nomeada catedrática de Literatura na Universidad Central de Madrid.

Ten unha importante e vasta produción literaria, novelas como “Una cristiana”, “La prueba”, “La piedra angular”, “Doña Milagros”, “Memorias de un solterón”, “El tesoro de Gastón”, “Insolación”, “Morriña” ou “Gota de sangre”, esta última é a primeira novela policíaca española escrita por unha muller. E moitísimas máis obras de todos os xéneros literarios dende novelas ata ensaio e crítica, colaboracións xornalísticas, poesía, obras dramáticas, contos, libros de viaxe ou teatro.

Emilia Pardo Bazán faleceu en Madrid o 12 de maio de 1921, o próximo 12 de maio conmemoramos o centenario da morte dunha muller de talento inesgotable, unha das escritoras máis importantes e influentes da España contemporánea. Unha muller feminista que defendeu tanto no ámbito persoal como profesional o acceso da muller á educación e aos dereitos en igualdade de oportunidades que os homes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galicia expresa o seu recoñecemento á figura de Emilia Pardo Bazán, tanto no ámbito cultural como feminista, e manifesta a súa adhesión a todas as homenaxes que, dende as diferentes institucións, se están a facer recoñecendo a creatividade e o talento desta personalidade na súa produción literaria, así como a súa figura como activista do feminismo contemporáneo europeo.

Compostela, 30 de abril do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 30/04/2021 13:24:01

Teresa Egerique Mosquera na data 30/04/2021 13:24:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



María Elena Suárez Sarmiento na data 30/04/2021 13:25:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/04/2021 13:25:27

José Luis Ferro Iglesias na data 30/04/2021 13:25:54

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/04/2021 13:26:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/04/2021 13:26:15

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/04/2021 13:26:23

María Corina Porro Martínez na data 30/04/2021 13:26:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/04/2021 13:27:17

María Elena Candia López na data 30/04/2021 13:27:54

José Alberto Pazos Couñago na data 30/04/2021 13:28:18

Noelia Pérez López na data 30/04/2021 13:28:52

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 30/04/2021 13:29:10

Marta Nóvoa Iglesias na data 30/04/2021 13:29:51

Pedro Puy Fraga na data 30/04/2021 13:30:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para a reactivación da comarca de Ferrol.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da comarca de Ferrol tendo en conta que este mes de maio Navantia entrega o último buque en construción e os estaleiros fican sen carga de traballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, con unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos, e expulsando do sector pouco a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pouco mais ininterrompidamente, ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del.

Mais todas as iniciativas e acordos parlamentarios instando á Xunta de Galiza a tomar a iniciativa para a súa rexeneración son desatendidas, obrigando ás confrarías de ría a convocar pola súa conta a todos os axentes implicados, asumindo un liderado que debería estar exercendo a Xunta de Galiza como titular en exclusiva das competencias sobre marisqueo.

O anunciado peche da central térmica das Pontes despois de esgotar os recursos mineiros da localidade e de transformar radicalmente o territorio supón un repto económico e social de enormes dimensións para a comarca de Ferrol, que contrasta coa practicamente nula previsión orzamentaria da Xunta de Galiza para atendelo, e con unha evidente falta de planificación, que chega ao punto de presentar publicamente propostas para os fondos NEXT GENERATION da man de REGANOSA para instalar unha planta de produción de hidróxeno verde, ao mesmo tempo que ENDESA presenta pola súa banda proxectos no mesmo sentido, a unha convocatoria, non esquezamos, de carácter concorrente a nivel estatal, todo mentres o Convenio para transición xusta segue sen ser asinado pola Xunta de Galiza.

En canto á situación de Navantia Ría de Ferrol, auténtico motor económico da comarca, é tamén desesperada. Máis de 2000 postos de traballo desaparecidos nos últimos meses, mentres a dirección de Navantia declara repetidamente que renuncia á construción do dique cuberto para novas construcións, ou traballa na modificación dos termos da alianza coa empresa privada Windar para abandonar ao seu favor a actividade eólica mariña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por isto que o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar as seguintes actuacións:

1. Para a rexeneración da Ría de Ferrol:

1.1. Finalización e posta en marcha das infraestruturas de depuración, concretamente do entronque da rede saneamento de Neda coa EDAR norte.

1.2. Colaboración entre Xunta e Goberno Central para impulsar e financiar un Estudo Integral da Ría de Ferrol, no que deberá participar a Estación de Bioloxía Mariña da Graña pertencente á USC.

1.3. Colaboración entre Xunta e Goberno Central para realizar e financiar os traballos que o Estudo Integral considere necesarios para a correcta rexeneración da Ría de Ferrol.

2. Para a reactivación do sector naval na Ría de Ferrol:

2.1. Solicitar a entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia, tal como se contempla no Estatuto de Autonomía de Galiza e na Lei de fomento do sector naval de Galiza.

2.2. Constitución dun Centro tecnolóxico do sector naval.

2.3. Constituír unha mesa de traballo conxuntamente co goberno do estado español, e as federacións sindicais con representación no sector, para a elaboración e posta en marcha dun plan para a diversificación e recuperación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actividades no centro de Navantia ría de Ferrol, no que se inclúan os seguintes aspectos:

2.3.1 Impulsar un plan específico para recuperar a construción naval civil en Fene.

2.3.2 Garantir a participación directa de Navantia ría de Ferrol e da Fábrica de Turbinas nos proxectos da eólica mariña.

2.3.3. Impulsar un plan específico para introducir a Fábrica de Turbinas no sector das tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima.

2.3.4. Construción de novas infraestruturas para obra nova e reparacións: talleres, diques, elementos de elevación, etc.

3. Para a reactivación e reindustrialización das Pontes:

3.1. Impulsar coa máxima celeridade o Convenio de transición xusta para a localidade de As Pontes.

3.2. Promover proxectos de carácter industrial relacionados co sector enerxético que poidan manter a actividade da central, e combinalos con outros de nova implantación destinados á produción de hidróxeno.

3.3. Constituír o Centro de I+D+I para a competitividade e do almacenamento de enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.4. Procurar o financiamento de fondos NEXT GENERATION para á implantación de estes proxectos, así como do Estado español, da Xunta de Galiza, e da propia ENDESA.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2021 17:53:10

Paulo Ríos Santomé na data 03/05/2021 17:53:27

María do Carme González Iglesias na data 03/05/2021 17:53:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/05/2021 17:53:40

Alexandra Fernández Gómez na data 03/05/2021 17:53:48

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2021 17:53:56

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2021 17:54:04

María González Albert na data 03/05/2021 17:54:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/05/2021 17:54:20

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2021 17:54:29

María del Carmen Aira Díaz na data 03/05/2021 17:54:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 03/05/2021 17:54:50

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2021 17:55:01

Iria Carreira Pazos na data 03/05/2021 17:55:10

Daniel Pérez López na data 03/05/2021 17:55:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/05/2021 17:55:29

Rosana Pérez Fernández na data 03/05/2021 17:55:41

Mercedes Queixas Zas na data 03/05/2021 17:55:51

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/05/2021 17:56:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carme González Iglesias** e dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a implantación dunha plataforma de venda on-line galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da Covid-19 viu a agravar unha situación que xa arrastraba o comercio galego. Nos últimos anos a perda de negocios no país foi constante, as consecuencia da crise de 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio por parte da Xunta de Galiza puxo ao sector nunha situación crítica.

En xaneiro de 2020, antes de aparecer o coronavirus na nosa vida, as vendas 'online' e a despoboación lastraban o pequeno comercio con tres peches ao día. No ano 2019 Galiza perdeu case que 1200 pequenos comercio de proximidade. Dende 2015 Galiza perdeu preto de 6000 negocios do sector.

Como xa indicamos, son varios os motivos que levan ao peche ao pequenos comercio e é preciso tomar medidas que garantan a supervivencia do tecido comercial do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O comercio de proximidade xera riqueza, humaniza as cidades e impide a desertización das nosas vilas, é preciso modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega.

Un dos grandes problemas cos que se atopa o pequeno comercio e o crecemento das vendas online, que se intensificou durante o confinamento en persoas que xa o utilizaban e persoas que non o facían, mudaron o hábito e lanzárense a mercar produtos online polo medo a acudir á tenda física e expoñerse ao contaxio, e unha vez que o probaron continúan a facelo.

Nos últimos días estamos a ver como grandes cadeas como Zara, H&M, etc. están anunciando o peche de tendas físicas polo gran incremento das súas vendas na súa tenda online.

Neste contexto faise necesaria a posta en marcha dunha plataforma de venda por internet para todo o tecido comercial galego. Unha plataforma que aglutine a todo o comercio galego, con orzamento e infraestrutura suficiente para poder competir coas grandes plataformas actuais.

A Xunta de Galiza ten que facer unha aposta orzamentaria decidida para poñer en marcha esta plataforma, ao mesmo tempo que se active un plan de formación para as persoas que traballen no sector, de tal maneira que a iniciativa sexa realmente eficaz e poida competir no mercado. Tamén é precisa unha campaña publicitaria que contribúa ao seu éxito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha unha plataforma de venda online, cun orzamento axeitado, que acolla a todo o comercio galego, cun plan de formación para as persoas que traballan no sector e cunha campaña publicitaria que lle permita competir coas grandes plataformas existentes.”

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/04/2021 10:53:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/04/2021 10:53:20

Daniel Pérez López na data 23/04/2021 10:53:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 23/04/2021 10:53:38





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Alexandra Fernández Gómez**, e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros do ano en curso a Xunta de Galiza anunciou que en febreiro sairía a concurso importante cantidade de solo industrial en diversos polígonos, entre eles no incipiente aínda que vello polígono industrial de Taboada, por suposto, marzo rematou e ese concurso non se produciu.

As noticias das que teñen constancia as persoas interesadas son que moi probablemente este polígono se adíe mentres os concursos para outros seguirán adiante, e isto débese a que hai diversos problemas que non coñecen con exactitude por ausencia de explicacións claras.

Hai ostensíbeis problemas nas vías de circulación do polígono, como é a ausencia de espazo para unha rotonda que permita o cambio do sentido da marchas aos diversos vehículos que poidan acceder ao polígono, afectando isto ás parcelas 1.18 a 1.25 que son obxecto de concurso.

Pode ser que haxa máis problemática que se descoñece ante a ausencia de interlocución directa da asociación de empresarios co IGVS, aínda que presentaron





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solicitude de reunión co responsable do IGVS de Lugo, obtiveron unha negativa para a xuntanza.

Taboada ten unha grande oportunidade para deixar de perder poboación e tamén para fixala coa implantación de empresas neste polígono industrial e estalle escapando esta oportunidade por fatiga das/os interesadas/os e a incerteza de cando este polígono poderá comezar a funcionar, máis alá da cooperativa que xa está traballando dentro del.

A Xunta de Galiza ten tamén outra grande oportunidade de actualizar o polígono ás necesidades reais e actuais das empresas que queiran afincarse nese polígono, despois de 20 anos de percorrido ata as empresas teñen claro que poden esperar uns meses máis.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Atender a solicitude da ACIMTA para adaptar o polígono deseñado por última vez no 2006 ás necesidades actuais do tecido empresarial de Taboada.
2. Acondicionar adecuadamente o Polígono Industrial de Taboada e sacar a concurso tódalas parcelas posibles de xeito inminente co fin de evitar a deslocalización de empresas cara outros polígonos.
3. Crear unha normativa clara que desenvolva detalladamente os usos do polígono, sabendo que hai interese local en que haxa un uso tanto industrial como comercial e de almacenaxe.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021

Asdo.: Carmen Aira Díaz
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas o G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/04/2021 11:12:26

Alexandra Fernández Gómez na data 23/04/2021 11:12:30

María del Carmen Aira Díaz na data 23/04/2021 11:12:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputados, **Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Carmen Dacosta Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia atópase na fase de inmunización tal e como se fai no resto de España coa chegada das vacinas. A importancia de ter unha sanidade pública forte e de calidade, cobra sentido máis que nunca. O feito de contar co persoal sanitario que faga fronte, a un dos desafíos sanitarios máis duros do último século, é unha prioridade para Galicia.

A xestión do partido político que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia, derivou nun descenso de camas hospitalarias de case 500 menos nunha década de Goberno do Partido Popular. A realidade é que hoxe temos menos camas hospitalarias que fai 11 anos. En 2009 había 7.973 camas nos hospitais públicos galegos, mentres que xa en 2019 reducíronse a 7.524, segundo o *Catálogo Nacional de Hospitales do Ministerio de Sanidade*. Lonxe de aprender o que unha pandemia sen precedentes coñecidos polas xeracións vivas nos ensina, o Goberno galego do Partido Popular semella continuar na liña da última década, suprimindo nesta ocasión, 29 camas hospitalarias no CHUOU. En concreto, 21 na planta 4 dereita correspondente a cirurxía vascular e xinecoloxía, que se reintegran noutras áreas, como consecuencia réstanse 11 de traumatoloxía e 10 de cirurxía xeral, por non habilitar novos espazos. Ademais de, con motivo da instalación do módulo de prisión (feito moi demandado tanto polo sector de FFCC de Seguridade e penitenciario) anúlase 8 camas máis por non habilitar un espazo específico para acoller ditas camas hospitalarias.

Este tipo de decisións están causando diferentes mobilizacións de protesta (dentro das posibilidades que marcan as restricións sanitarias actuais) iniciadas dende o propio sector sanitario, que tras vivir en primeira persoa o seu peor ano, non comprenden como é posible que o Goberno da Xunta de Galicia tome este tipo de decisións que van en contra da sanidade pública galega.

Dende o grupo socialista consideramos de urxencia, que por parte do Goberno galego, se aporte a información detallada de tal asunto na Cámara parlamentaria,



para explicar o recorte de 29 camas hospitalaria na sanidade pública galega no peor momento de crise sanitaria da historia do último século, e por suposto e máis importante se paralicen de inmediato ditos recortes na capacidade asistencial do CHUOU.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través do SERGAS, paralicen de inmediato a decisión de eliminar camas hospitalarias no CHUO, e non reduzan ningún recurso na capacidade asistencial no persoal sanitario e camas de hospitalización. Así mesmo, se comprometan dende a Consellería de Sanidade a manter, ou en todo caso, aumentar os recursos humanos e materiais no CHUOU.”

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Carmen Dacosta Rodríguez
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 23/04/2021 10:57:23

Julio Torrado Quintela na data 23/04/2021 10:58:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/04/2021 10:58:20

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/04/2021 10:58:32

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/04/2021 10:58:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Felisa Rodríguez Carrera, Teresa Egerique Mosquera, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, José Luis Ferro Iglesias, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en pleno**.

Exposición de motivos:

Os desperfectos e a falta de mantemento das estradas provocan moitos problemas. O máis grave, evidentemente, é que disparan as posibilidades de que se produzan accidentes, pero non debemos esquecer que tamén teñen consecuencias directas sobre os vehículos que circulan por elas, xa que provocan o seu deterioro e situación de perigo como pinchazos, rebentóns ou roturas de lúas.

Un exemplo onde se dan todas estas circunstancias é na A-55, concretamente no seu tramo Porriño-Mos, unha estrada de titularidade estatal cun asfalto muy deteriorado. Falamos dunha das autovías máis perigosas da Comunidade Autónoma, habendo zonas de inmensas fochas, sobre todo ao seu paso por Mos e Porriño, incrementándose o risco os días de chuvia e néboa.

Consciente de esta grave situación, recentemente, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana anunciou a adxudicación dun contrato para a conservación e estradas da provincia de Pontevedra que inclúe actuar na A-55 mediante unha intervención cuxo alcance e inicio previsto se descoñece.

É obvio que esta actuación chega tarde. E cómpre ter en conta que non só está deteriorada a Autovía A-55, senón que se atopan en igual condición de deterioro os carrís de servicio paralelos á autovía, que dan servicio aos barrios de Mos, e os carrís de incorporación á mesma; o firme está moi deteriorado, incluso hai zonas onde o carril se está a desfacer por desplome do terreo onde se sustenta.

A autovía A-55 é a única ruta libre de peaxe de entrada a Vigo, polo cal é unha vía moi ateigada, con aproximadamente 60.000 vehículos ao día ao seu paso por Mos, dado que recolle vehículos da N-550, A-52 e da A-55 dende a fronteira portuguesa.



Conservar a rede de estradas en condicións axeitadas para garantir a seguridade viaria e proporcionar aos usuarios vías cómodas que faciliten os seus desprazamentos debe ser un obxectivo prioritario das administracións con competencia na materia.

No caso da A-55 ao seu paso por Mos e Porriño, pódese comprobar como o Goberno de España descoida esta autovía dado o lamentable estado de conservación da mesma e o lamentable estado de conservación dos accesos e das vías de servizo paralelas á vía.

E é por iso que O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a requirirle ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o arranxo integral e urxente das estradas da súa competencia en Galicia, e concretamente da autovía A-55 ao seu paso por Mos e Porriño, incluíndo os carrís de incorporación e as vías de servizo paralelas”.

Santiago de Compostela, 23 de abril do 2021.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/04/2021 11:37:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/04/2021 11:37:35

Teresa Egerique Mosquera na data 23/04/2021 11:37:42

María Corina Porro Martínez na data 23/04/2021 11:37:50

José Alberto Pazos Couñago na data 23/04/2021 11:37:58

Diego Calvo Pouso na data 23/04/2021 11:38:22

Carmen María Pomar Tojo na data 23/04/2021 11:38:46

Ramón Carballo Páez na data 23/04/2021 11:38:56

José Manuel Balseiro Orol na data 23/04/2021 11:39:07

José Luis Ferro Iglesias na data 23/04/2021 11:39:23

María Sol Díaz Mouteira na data 23/04/2021 11:39:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Nóvoa Iglesias na data 23/04/2021 11:39:49

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/04/2021 11:40:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e deputadas **Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a dotación servizos sanitarios no centro de saúde de O Pereiro de Aguiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de decembro de 2020 estreáronse as novas instalacións do centro de saúde de O Pereiro de Aguiar cun investimento, segundo o anuncio da Xunta de Galiza, superior ao millón de euros e ocupando unha superficie de máis de 682 m2.

A pesares do gasto efectuado e dos múltiples anuncios realizados o centro de saúde non supón un incremento da carteira dos servizos sanitarios que recibe a veciñanza do concello de O Pereiro de Aguiar.

Así unicamente está previsto que no recen estreado centro de saúde se presten servizos sanitarios de medicina de familia e de enfermería. Isto é, a pesares de que o centro supostamente está dotado de sala para exploración xinecolóxica non esta prevista a asistencia de matró/a, malia que O Pereiro de Aguiar é un dos concellos da provincia de Ourense no que se producen máis nacementos, só superado nos últimos anos pola propia capital e por Barbadás, O Carballiño, Xinzo, Verín e O Barco de Valdeorras.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade non existe previsión para a prestación do servizo de pediatría a pesares de que O Pereiro de Aguiar é un dos concellos de toda a provincia de Ourense que conta cun maior número de menores de 16 anos, sendo unicamente superado polos concellos antes sinalados (Ourense, Barbadás, O Carballiño, Xinzo, Verín e O Barco de Valdeorras).

Tampouco está contemplado incrementar a dotación do centro de saúde con atención odontolóxica ou de hixiene buco-dental para a poboación de O Pereiro de Aguiar unha das máis numerosas de toda a provincia de Ourense.

Resulta elocuente da política desenvolvida pola Xunta de Galiza a renovación dunha infraestrutura sanitaria sen que tan importante achega de recursos públicos leva aparelhada unha substancial mellora na atención sanitaria da poboación e dos servizos que se prestan a veciñanza. Sen que se poña en cuestión a necesidade da construción dun novo edificio para o centro de saúde en O Pereiro de Aguiar, resulta dificilmente cuestionábel que o mesmo debe levar implícita unha planificación que permita a ampliación da carta de servizos sanitarios que se prestan a veciñanza que actualmente son notoriamente escasos.

O Pereiro de Aguiar é un dos poucos concellos da provincia de Ourense que ve incrementada a súa poboación, sendo o seu medre só comparábel ao experimentado por Allariz ou Barbadás, polo que resulta evidente a necesidade de incrementar paralelamente a carteira de servizos que se prestan á cada vez máis numerosa poboación. Non é concebíbel que se publicite e anuncie unha suposta aposta polo rural cando non se esta a dotar ao rural de servizos tan básicos como os sanitarios, exixindo á poboación desprazamentos para a realización de simples trámites e xestións cotiás ou para asistir a unha mera consulta pediátrica ou odontolóxica, sen que, por outra banda, existan facilidades para o uso do transporte público. Unha verdadeira aposta pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vertebración do territorio implica dotar a todo o país das infraestruturas básicas en ensino, comunicacións e telecomunicacións e sanidade e servizos sociais, algo que que nin se albisca, nin sequera, é iso é o máis preocupante, semella existir vontade real no Partido Popular de implantar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a prestar no centro de saúde de O Pereiro de Aguiar os servizos sanitarios de pediatría, odontoloxía e hixiene buco-dental e matrón/a.”

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2021 11:34:16

Iria Carreira Pazos na data 23/04/2021 11:34:21

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2021 11:34:35

María González Albert na data 23/04/2021 11:34:48

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2021 11:34:59

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/04/2021 11:35:10





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación de menores tutelados en Galiza e as declaracións da conselleira de Política Social ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A raíz do caso de catro menores que foron postos baixo custodia da Xunta de Galiza despois de ser liberada unha nena que estaba retida na cidade da Coruña após un suposto acordo entre familias, a conselleira de Política Social participou nunha entrevista en Radio Coruña Cadena SER na que, entre outras cuestións, asegurou que se incrementaran o número de menores tutelados pola Xunta de Galiza relacionando esta suba coa crise económica e social derivada da pandemia.

“Esta pandemia trae consigo unha pandemia social, é certo que se incrementaron o número de nenos tutelados”, dixo, debido ás carencias económicas e materiais das súas familias.

A Xunta de Galiza cifra nun 4% o incremento no número de menores tutelados pola administración autonómica a raíz da crise provocada pola Covid-19.

As declaracións da conselleira de Política Social causaron malestar e indignación entre entidades sociais que traballan a prol dos dereitos das crianzas, entre elas, AGAMME que remitiu un escrito á Consellaría, á Valedora do Pobo e á Dirección





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xeral de Familia para esixir explicacións e tamén o incremento dos recursos para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia; que se prime o acollemento familiar sobre o residencial naqueles casos en que a Xunta de Galiza deba asumir a tutela de menores e tamén para lembrar o disposto na normativa vixente.

Para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cando se fala de menores e, especialmente, de menores en situación de pobreza, exclusión social ou risco de padecela, as e os responsábeis públicos deben ser extremadamente prudentes nas súas declaracións.

Neste senso, a lexislación actual, tanto a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor como a Convención dos Dereitos da Infancia, é moi clara ao sinalar que a concorrencia de circunstancias ou carencias materiais serán consideradas indicador de risco mais nunca poderán desembocar na separación da contorna familiar. Así pois, é responsabilidade da administración pública adoptar todas as medidas necesarias para garantir os recursos necesarios ás familias velando sempre polo interese superior do menor e, naqueles casos en que non poidan quedar cos seus proxenitores, priorizar o acollemento familiar ao residencial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Ampliar e reforzar os recursos económicos e materiais dirixidos á atención de familias con menores en situación de pobreza e exclusión social ou risco de a padecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Reforzar o apoio ao acollemento familiar, priorizando o acollemento por familia extensa do neno ou nena naqueles casos en que así o esixa o interese superior do menor. Para tal fin, o Goberno galego deberá incrementar as contías mensuais dirixidas a acollemento familiar .”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2021 10:04:50

Iria Carreira Pazos na data 26/04/2021 10:04:54

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2021 10:05:06





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a regulación da Tarxeta Básica e a súa configuración como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara á outras prestacións sociais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2020 a Xunta de Galiza creou a Tarxeta Básica, unha tarxeta moedeiro dirixida a garantir recursos económicos de urxencia que permitisen a persoas e familias con carencias materiais severas acceder a bens de primeira necesidade como alimentación, hixiene e produtos sanitarios.

A contía oscila entre os 450 e os 900 euros trimestrais en función do número de integrantes do fogar e está xestionada pola Cruz Vermella.

Desde as entidades do terceiro sector de acción social foi moi valorada a iniciativa porque supera o asistencialismo e garante autonomía ao tempo que permite unha tramitación áxil e sen demoras. Unha valoración coa que coincidimos desde o Bloque Nacionalista Galego.

Transcorrido case un ano da súa posta en marcha, para o Grupo parlamentario do BNG, resulta necesario que o que naceu como unha medida de urxencia se consolide con vocación de permanencia no tempo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cremos que diante das consecuencias sociais e económicas da pandemia, cuxo alcance e magnitude aínda está por ver na súa dimensión real, a Tarxeta Básica sería unha ferramenta útil para garantir ingresos con carácter inmediato ás persoas e familias que así o precisan entretanto son tramitadas as solicitudes para acceder a outro tipo de prestacións, nomeadamente, a Risga ou o Ingreso Mínimo Vital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver e aprobar as medidas necesarias para regular a Tarxeta Básica co obxectivo de que permaneza no tempo máis alá da conxuntura xerada pola pandemia da Covid-19. Esta tarxeta moedeiro será concibida como un recurso de emerxencia para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade a aquelas persoas que así o precisen de acordo coa súa situación económica e servirá de ponte para solicitantes de prestacións como a Risga ou o IMV entretanto non comezan a percibilas.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2021 10:42:36

Iria Carreira Pazos na data 26/04/2021 10:42:39

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2021 10:42:51



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Miguel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Na actualidade, e cada vez máis, a conectividade de forma similar as redes de electricidade, de abastecemento de auga ou de transporte, configúrase como unha infraestrutura esencial no desenvolvemento da sociedade.

A importancia da necesidade de cobertura púxose de manifesto sobre todos nos últimos meses debido á situación motivada pola pandemia da Covid – 19, que evidenciou a importancia desta ferramenta para o teletraballo de milleiros de persoas, na educación, no acceso aos servizos públicos e incluso como único medio de comunicación coas familias e amigos, entre outros.

Pero ademais, existen numerosos estudos que amosan unha correlación positiva entre a penetración das redes de alta capacidade nun país e o crecemento económico do mesmo.

A propia UE fixou como obxectivos estratéxicos de conectividade para 2025:

- A conectividade de alta velocidade para todos os principais motores socioeconómicos.
- Unha cobertura 5G sin interrupcións nas zonas urbanas e grandes vías de transporte terrestre.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- Un acceso á conectividade que ofrezca polo menos 100 Mbps a todos os fogares europeos.

Na mesma liña, o Goberno do Estado na axenda dixital “España Digital 2025” establece como obxectivo, garantir unha conectividade dixital adecuada para o 100% da poboación, promovendo a desaparición da fenda dixital entre as zonas rurais e as urbanas e establecendo como meta para o ano 2025 o 100% da poboación con cobertura 100 Mbps).

Tamén a Xunta de Galicia, có obxectivo de configurar un futuro dixital para a cidadanía galega e contribuír ao desenvolvemento económico, social e medioambiental do noso territorio fixou como folla de ruta a Estratexia Galicia Dixital 2030, asegurando así a integración e perfecta coordinación co establecido pola UE e a España Digital 2025.

Neste senso, os Concellos como administracións máis próximas aos cidadáns atenden a diario as peticións de acceso á cobertura de banda larga e á cobertura de banda larga ultrarrápida que realizan as veciñas e veciños das zonas con falta de conectividade ou insuficiente conectividade.

Por tanto a conectividade, é dicir, o acceso a Internet máis rápida e de mellor calidade ten unha importancia crecente, non só para a competitividade empresarial, a innovación e a cohesión territorial, senón tamén pola súa contribución á inclusión social, e en definitiva á mellora da calidade de vida dos veciños, para evitar o despoboamento e mellorar o desenvolvemento dos Concellos.

Tendo en conta que as telecomunicacións son servizos de interese público, estando garantido o dereito de todos os cidadáns ao acceso en condicións adecuadas independentemente da dispersión poboacional, da orografía e o relevo do territorio, e dado as administracións públicas teñen a obriga de velar pola igualdade de oportunidades de toda a cidadanía e toda vez que detectamos que nos 313 municipios



de Galicia existen zonas nas que non hai despregamento de redes nin conectividade dixital adecuada para o 100% da poboación.

En base ao anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade en moitos núcleos de poboación situados nos 313 concellos de Galicia.

- 2.- Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no territorio galego e no marco das súas competencias, a necesidade de priorizar o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como “zonas brancas” na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de facto, e dote tamén de cobertura ás zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital.

- 3.- Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no territorio galego e no marco das súas competencias, a necesidade de ter en conta as achegas dos Concellos e da Xunta de Galicia como institucións máis próximas á realidade e mellor coñecedoras das necesidades do seu territorio para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia”.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Pedro Puy Fraga na data 26/04/2021 10:41:41

Noelia Pérez López na data 26/04/2021 10:42:01

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/04/2021 10:42:15

Borja Verea Fraiz na data 26/04/2021 10:42:31

José Antonio Armada Pérez na data 26/04/2021 10:42:50

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/04/2021 10:43:06

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/04/2021 10:43:23

Cristina Sanz Arias na data 26/04/2021 10:43:39

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/04/2021 10:43:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a vacinación das persoas que coidan dependentes nos seus fogares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No desenvolvemento da campaña de vacinación fronte á Covid-19 a Xunta de Galiza non está a incluír, nin semella ter previsión de facelo, as coidadoras informais que atenden persoas dependentes nos seus domicilios.

Falamos, na inmensa maioría dos casos, de nais e pais como Raquel e Santi de Ourense, membros da Asociación Pequenos Superhéroes cuxo fillo, Rafa, de dous anos e medio ten un grao de discapacidade do 81% e un grao de dependencia III.

Segundo trasladaron a este Grupo parlamentario, a xustificación da Xunta de Galiza para non incorporar o seu caso como prioritario na campaña de vacinación débese a que non aparece recollido na Estratexia estatal de vacinación. Porén, outras Comunidades Autónomas como Aragón, Asturias, Castela A Mancha, Cataluña, Valencia ou as Illes Balears si que incorporaron as persoas coidadoras principais na súa planificación.

Para estas familias é moi difícil cando non imposible garantir a distancia física coas súas fillas/os ou persoas dependentes a cargo que se ven expostas a unha situación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de risco igual que a que se pode dar nun centro residencial polo que deberían ser incorporadas como colectivo prioritario á campaña.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incorporar, á maior brevidade posíbel, as persoas coidadoras principais ou informais de dependentes como colectivo prioritario no Plan de vacinación fronte á Covid-19.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/04/2021 10:59:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2021 10:59:06

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2021 10:59:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e deputadas **Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de San Cosme de Cusanca no concello do Irixo – Ourense négase a desaparecer. E así nunha misiva desesperada dirixida ao alcalde do seu concello en 19 de agosto de 2016 solicita a súa intermediación diante do goberno galego para que se promova a reestruturación da propiedade, chamada comunmente a parcelaria.

A 24 de agosto de 2017 o presidente da Asociación de veciños da parroquia de Cusanca recibe unha amable carta do Vicesecretario Xeral da Presidencia cun si pero non que remata nun se cadra...

Esta parroquia antano florecente na súa economía con destaque no período de construción do túnel do ferrocarril, obra que fixo incrementar a súa poboación de xeito considerable e promoveu un aproveitamento agrícola intenso, encóntrase nestas últimas décadas nun decaemento que os seus mesmos veciños e veciñas se resisten a admitir.

A resultas daquelas épocas, a silicose fixo estragos entre a súa poboación e o derrubo da súa economía ao finalizaren as obras promoveu unha brutal emigración a outras zonas do estado e mesmo de Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade ten unha poboación que se move e que ten esperanza no futuro pero que necesita dunha estrutura da propiedade axeitada aos tempos que corren. O seu territorio posúe unhas potencialidades extraordinarias para a agricultura, a gandería e o aproveitamento do monte. Só necesita o empuxe desa modernización antes aludida para dar o salto. A petición foi cursada e comeza a contar o tempo, ese tempo prolongado en demasía que fai destes procesos un eterno desesperar. O acordo unánime dos veciños e veciñas da parroquia avala e dá peso a esta demanda.

Trátase dunha das parroquias de Ourense con máis superficie, con terreo chan, con sete explotacións gandeiras de leite e de carne máis unha de ovino, que aproveitan os pastos existentes e as terras abandonadas. Conta con 22 aldeas con cadanseu monte veciñal e con aproximadamente 100 veciños e veciñas.

Hai menos dun mes volveron cursar petición na Consellería de Medio Rural e están á espera de resposta á mesma.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a iniciar os trámites necesarios para incluír á parroquia de San Cosme de Cusancas dentro dos procesos a realizar de concentración parcelaria.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2021 11:20:06

María del Carmen Aira Díaz na data 26/04/2021 11:20:17

María González Albert na data 26/04/2021 11:20:26

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2021 11:20:33

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/04/2021 11:20:41





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso, Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a adxudicación dos novos contratos de transporte, o servizo de comunicación intercomarcal de autobuses sufriu un empeoramento na comarca das Mariñas, e as conexións coa Coruña e Ferrol, que leva meses provocando as queixas das persoas usuarias sen que, polo momento, fosen escoitadas as súas demandas nin se lles dese solución.

As modificacións nos contratos levou aparellada unha redución das frecuencias en moitos destes servizos, sobre todo nas fins de semana. Ademais estes cambios e reducións de liñas, xunto coas mudanzas improvisadas de horarios, están provocando problemas para o estudiantado do ensino non obrigatorio que utiliza o autobús para os seus desprazamentos a Betanzos ou á Coruña.

A todo isto temos que engadir a deficiente información que desde a Xunta se fixo e se segue a facer destas modificacións. A páxina web de referencia para a información sobre o servizo de autobús en Galiza, bus.gal, non recolle algunhas das liñas, paradas e horarios que actualmente as compañías adxudicatarias veñen facendo e non se corresponde coa información que hai nas propias paradas de autobús, nos casos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nos que hai información dalgún tipo, o que se traduce nun máis que deficiente servizo público.

Todas estas deficiencias provocan unha situación caótica que dificulta moito o uso do transporte público, un servizo do que ademais fan uso maioritariamente os colectivos máis febles, mulleres ou persoas migrantes, ademais de mocidade en idade escolar.

Segundo as novas recollidas polos medios de comunicación, os concellos afectados recolleron todas estas queixas e trasladáronas á Xunta de Galiza, mais polo de agora segue sen actuar para resolver esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Atender as demandas das persoas afectadas pola redución de frecuencias e horarios das liñas de autobuses na comarca das Mariñas, e nas conexións coa Coruña e Ferrol.
2. Verificar que as empresas concesionarias das diferentes rutas do transporte están a cumprir integramente as condicións da concesión.
3. Informar puntualmente a través da páxina bus.gal e tamén nas paradas dos buses dos horarios, frecuencias e paradas destes servizos.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2021 12:00:20

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2021 12:00:23

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/04/2021 12:00:28

Mercedes Queixas Zas na data 26/04/2021 12:00:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto na Estratexia Estatal de Vacinación fronte á Covid19 coma no Plan de Vacinación da Xunta de Galiza estableceuse a progresiva administración da vacina a grupos de poboación de acordo con criterios de risco de contaxio por estar en primeira liña de loita contra o virus, desenvolver actividades esenciais, grupos vulnerábeis, e logo grupos de idade.

No grupo 3. “Outro persoal sanitario ou sociosanitario”, no apartado 3.B encádranse as persoas en activo non incluídas na categoría de primeira liña (grupo 2) que traballan en centros establecementos sanitarios e sociosanitarios. Priorizaranse de maneira específica, en función do risco de exposición a pacientes COVID-19 ou ao risco de transmisión. Así, no apartado 3B están:

-Persoal dos servizos de saúde pública implicados na xestión e resposta á pandemia non fora vacinado no grupo 2.

-Persoal sanitario e sociosanitario non vacinado con anterioridade, incluíndo servizos de inspección sanitaria, medicina legal e forense, consultas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

médicas privadas, servizos de axuda a domicilio, centros de menores e centros de día ou equivalentes, así como estudantes sanitario e sociosanitario que realicen prácticas clínicas.

-Persoal sanitario dos seguintes colectivos: fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais, persoal de oficinas de farmacia, protésicos dentais, logopedas e persoal psicoloxía clínica. O resto do persoal sanitario vacínase máis adiante.

-Traballadores de institucións penitenciarias (IIPP).

@s profesionais que realizan a súa actividade nas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD) denuncian que, a pesares de que están incluíd@s neste grupo, só teñen recibido a inmunización completa (dúas doses) arredor do 30%, unha porcentaxe similar teñen recibido unha soa dose, e están sen vacinar outro 30%.

As Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD), teñen a máis de 13.000 persoas a tratamento na actualidade. Manifestan a súa preocupación dado que atenden a doentes especialmente vulnerábeis e que nunha boa porcentaxe mostran pouca predisposición ao cumprimento de normas, que na actual situación de pandemia tradúcese en déficits de protección e distanciamento, o que agrava o risco de contaxiar e ser contaxiad@s.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a proceder a vacinar á totalidade do persoal das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD), toda vez que están incluídos no grupo prioritario 3, tanto na Estratexia Estatal de Vacinación fronte á Covid19 coma no Plan de Vacinación da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2021 15:54:59

Iria Carreira Pazos na data 26/04/2021 15:55:13

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2021 15:55:25



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A implantación de escolas infantís nos centros de traballo, xera moitísimas vantaxes, e constitúe unha medida positiva cara á conciliación, e que derivan, entre outras cuestións, nunha redución do absentismo, un aumento da motivación e da produtividade, a mellora da planificación, a diminución da ansiedade, a mellora da comunicación, o aumento da calidade e tempo de descanso, etc.

A Consellería de Política Social ten convocado axudas para promover a construción de escolas infantís en polígonos industriais, condicionadas ao cumprimento dunhas determinadas condicións mínimas.

Pero polo contrario, a Xunta de Galicia conta con escasos espazos dedicados a escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes.

Cabe mencionar nomeadamente que o Complexo de San Caetano non conta con tales servizos, pese ao numeroso persoal que presta o seu traballo nestas dependencias na capital da nosa comunidade, o que contrasta con outros centros da propia Administración autonómica que cun menor número de persoal contan con tales servizos.

A Axencia Galega de Servizos Sociais convoca anualmente un procedemento de adxudicación de prazas para fillos e fillas do persoal da Xunta de Galicia, pero como pode comprobarse, unicamente os complexos administrativos autonómicos de Vigo e Pontevedra están dotados de escolas infantís nas súas propias dependencias, pero non acontece o mesmo no resto, nos casos que recolle a resolución das cidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense.

A Xunta de Galicia ten que dar exemplo a moitas empresas privadas e implantar os servizos de escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes, cuestión que debe contar coa participación e colaboración das organizacións sindicais máis representativas, e na que se incluíría unha previsión sobre os tempos concretos e investimentos necesarios cara á súa



efectiva implantación, que debe facerse efectiva neste mandato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar ao longo do que resta desta lexislatura a construción dunha escola infantil dirixida ás persoas traballadoras da Administración autonómica na proximidade de San Caetano e San Lázaro.
2. Presentar unha planificación da construción de escolas infantís nos vindeiros 6 meses dirixidas aos empregados da Administración autonómica nas restantes cidades (A Coruña, Ourense, Lugo, Ferrol)

Pazo do Parlamento, 26 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/04/2021 17:16:37

Marina Ortega Otero na data 26/04/2021 17:16:48

Pablo Arangüena Fernández na data 26/04/2021 17:16:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 17:27:55
Nº Registro: 14850
Data envío: 26/04/2021 17:27:55.290

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/04/2021 17:17:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGJn7a1bh8U7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A actividade e xestión forestal desenvolvida polas persoas propietarias forestais é un proceso resultante dos propios intereses e circunstancias persoais, xunto coa propia dinámica económica e territorial da súa localización limitada en moitos casos por determinados condicionantes administrativos.

Os/as propietarios/as e/ou xestores forestais éelles necesario un asesoramento técnico, asistencia que debe fundamentarse nunha administración próxima co fin de realizar actividades sostibles e multifuncionais dentro do marco do desenvolvemento rural.

Os distritos forestais deben ser vistos polas persoas titulares dos montes como oficinas de asesoramento apoio á xestión técnica, servizo de formación, de información, de educación, así como tamén de inspección das axudas.

A actual organización administrativa e o peso de determinadas actividades no conxunto de traballos realizados polo persoal dos distritos forestais entre os que se atopa a inspección de curtas, co consecuente asesoramento previo técnico e profesionalización aos propietarios de montes non se reflicte en que numerosos piñeirais, están a ser cortados contrarreloxo para deixar sitio aos eucaliptos, en previsión de que a moratoria de plantación desta especie que entrará en vigor as próximas semanas.. Hai quen sinala a actual situación como produto do deixamento administrativo desde hai anos. “os propios propietarios e maderistas confirman nos medios de comunicación que están talando piñeiros incluso antes de chegar ao seu estado óptimo para plantar eucaliptos. Isto é demencial, un despropósito”.

A correcta xestión dos recursos forestais e naturais require persoal adecuadamente formado en materia de incumprimentos en materia que viren contorna á xestión forestal sostible, e no territorio onde se desenvolve esta actividade con persoal que dispoña dos coñecementos sobre o territorio forestal



en aspectos tanto ambientais como de produtos forestais. A pesar de que os axentes facultativos ambientais e forestais conviven co medio natural galego, débese incorporar medios específicos en relación cos posibles incumprimentos normativos, como o está demandando a sociedade galega, acrecentada nestes momentos pola gran cantidade de curtas que se están realizando, co fin de substituír as especies que poboan estes predios na actualidade, por *Eucalyptus nitens*.

